



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

NUM. 02/2016

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DATA 5 DE FEBREIRO DE 2016

En Soutomaior a 5 de febreiro de 2016, sendo as trece e trinta horas, e previa convocatoria ó efecto reuníronse no Salón de Sesións da Casa Consistorial baixo a Presidencia de D. Agustín Reguera Ocampo, os/as Concelleiros/as D. Ramón Angel Fernández Garrido, D. Jesús Antonio Vidal Lage, D.^a M.^a Dolores Cernadas García, D.^a Cristina González Piedras, D.^a Noelia Ocampo González, D.^a Fátima Vidal Gómez, D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, D.^a María Menduiña Durán, D. Alejandro Pazos Míguez, D.^a Olalla Obelleiro Hermida e D.^a Verónica Montero Pérez e coa asistencia da Secretaria, D.^a Margarita Mariño Pérez, para celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal en primeira convocatoria.

Ausente: D.^a M.^a Rosario Bouzón Martínez
D.^a Fátima Vidal Gómez entra a sesión sendo as 13:40 horas.

Aberta a sesión pública polo Sr. Alcalde, adoptáronse os seguintes acordos:

1º.- APROBACION ACTA ANTERIOR, NUM. 01/16

Polo Sr. Alcalde, e de conformidade co sinalado no art. 91 do ROF, pregúntase ós/ás asistentes se teñen algunha matización ou aclaración que facer á acta da sesión, núm. 01/16, de data 28 de xaneiro de 2016.

A devandita acta é aprobada por unanimidade dos trece membros da Corporación.

2º.- APROBACIÓN PROVISIONAL PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Dáse lectura ó Ditame da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo, Servizos e Medio Ambiente:

ANTECEDENTES

1º) Arqyur, equipo redactor do PXOM de Soutomaior, presentou en data 17 de outubro de 2014 o documento para a súa aprobación provisional, facilitando a tal efecto soporte dixital composto dos seguintes documentos:

- Información Urbanística: subdividido en 3 subtomos: Información Urbanística, Modelo de asentamento poboacional, e estudo do medio rural.
- Tomo I: Memoria e planos de ordenación.
- Tomo II: Normativa.
- Tomo III: Catálogo de Bens a Protexer. Vol.1. Memoria e planos
- Tomo IV: Catalogo de Bens a Protexer. Vol. 2. Fichas
- Tomo V: Catálogo de Bens a Protexer. Vol. 3. Fichas.
- Tomo VI: Estratexia de Actuación. Estudo Económico Financeiro. Informe de Sostenibilidade Económica.
- Tomo VII: Informe de Sostenibilidade Ambiental.
- Tomo VIII: Análise Paixasística.
- Tomo IX: Informe de Alegacións.
- Planimetría.



Cómpre indicar que dito documento base foi corrixido e complementado posteriormente en diversos aspectos relativos á cuestións de protección do patrimonio cultural, facilitándose ao efecto polo equipo redactor documentación complementaria que tivo entrada no rexistro municipal en data 4 de decembro de 2015 (RE 3959/15), achegándose ao efecto soporte dixital.

Asemade, téñense examinado a correspondente carpeta relativa ao procedemento de tramitación seguido ata a presente data.

2º) En data 26 de outubro de 2007 (RE 3886/07) o equipo redactor entregou no rexistro municipal Documento de Inicio para a formulación de Avaliación Ambiental Estratéxica do PXOM do Concello de Soutomaior, a fin de comunicar á Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible o inicio da tramitación do Plan Xeral, o que levouse a efecto por oficio de 5 de novembro (RS 1857/13).

3º) En data 4 de decembro de 2007 (RE 4339/07) recibíuse da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible oficio no que comunicaba o inicio do trámite de exposición pública do Documento de Inicio.

4º) Con data 14 de abril de 2008 (RE 1246/08) tivo entrada no rexistro municipal un novo oficio autonómico remitindo Documento de Referencia para elaboración de informe ambiental.

5º) O 14 de xullo de 2010 (RE 2513/10) o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación ambiental solicitou do Concello a enmenda de determinados aspectos do Documento de Inicio para adapta-lo ás modificacións operadas pola Lei 2/2010, de 25 de marzo.

6º) En data 7 de decembro de 2010 (RE 3993/10) o director do equipo encargado dos traballos de redacción do PXOM fixo entrega dun novo Documento de Inicio ou anteproxecto para iniciar o trámite de AAE. Con dita instancia achegábase ademais Estudo do Medio Rural así como Modelo de Asentamento Poboacional.

7º) Por oficio de 10 de decembro de 2010 (RS 1931/10) deuse traslado do Documento de Inicio á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

8º) En data 23 de decembro de 2010 (RE 4188) recibíuse contestación da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental na que requiríase a achega de documentación complementaria.

9º) O 29 de decembro de 2010 (RS 20163/10) remitiuse novo oficio á CMATI aportando documentación.

10º) O 11 de xaneiro de 2011 (RE 65/11) a administración autonómica comunicou ao Concello a apertura dun novo trámite de exposición pública en relación ao anteproxecto modificado.

11º) O 4 de marzo de 2011 (RE 701/11) tivo entrada no rexistro municipal copia do Documento de Referencia para o procedemento de AAE do Plan Xeral, coas alegacións e observacións recibidas por outras Administracións e particulares.

12º) En data 22 de xullo de 2011 (RE 2399/11) o responsable do equipo redactor fixo entrega da documentación correspondente a terceira fase da modificación núm. 3 do contrato de redacción do PXOM, consistente no documento para informe previo á aprobación inicial.

13º) Con data 28 de xullo de 2011 emitíuse informe favorable pola arquitecta municipal en relación ao proxecto do plan xeral en tramitación.

14º) Coa mesma data os servizos de asesoría xurídica do Concello informaron en sentido coincidente co expresado pola técnica municipal, sendo



dito parecer ratificado igualmente dende a Secretaría Municipal conforme obra en informe correspondente de idéntica data.

15º) A medio de providencias de Alcaldía de data 28 de xullo de 2011 (RS 1405, 1406, 1407, 1408, 1409/11) solicitouse informe correspondente ao servizo de Demarcación de Costas do Estado na C.A.de Galicia, Ministerio de Fomento – ADIF, Deputación Provincial de Pontevedra, Unidade de estradas do Estado, e Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI,

16º) Con data 5 de agosto de 2011 (RE 2518/11) a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo requiriu do Concello a corrección de diversas deficiencias no documento.

17º) En data 23 de agosto de 2011 (RE 2628/11) tivo entrada no rexistro do Concello informe vinculante remitido pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias do Ministerio de Fomento.

18º) En data 31 de agosto de 2011 (RE 2723/11) recibíuse oficio do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra solicitando documentación.

19º) Con data 6 de setembro de 2011 (RE 2747/1) a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia dirixiu oficio ao Concello interesando a achega da documentación

20º) O 9 de setembro de 2011 (RE 2802/11) o equipo redactor presentou documentación complementaria para o seu traslado á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

21º) Por oficios de Alcaldía de 12 de setembro de 2011 (RS 1594/11) e 4 de outubro de 2011 (RS 1717/11) deuse traslado da documentación solicitada ao Servizo de Demarcación de Estradas e ao Servizo Provincial de Costas.

22º) O 28 de setembro de 2011 (RE 3052/13) recibíuse da Xefatura Territorial da Consellería de Industria certificado de dereitos mineiros que poderían resultar afectados polo PXOM.

23º) O 5 de outubro de 2011 (RE 3123/11) tivo entrada no rexistro municipal informe emitido pola Deputación de Pontevedra en calidade de titular das estradas provinciais que discorren polo termo municipal.

24º) O 3 de novembro de 2011 (RE 3384/11) recibíuse informe da Subdirección Xeral de Dominio Público Marítimo Terrestre.

25º) O 21 de novembro de 2011 (RE 3547/11) recibíuse segundo informe previo á aprobación inicial emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Infraestruturas.

26º) O 21 de novembro de 2011 (RE 3561/11) recibíuse outro informe emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio en materia de costas.

27º) En data 23 de novembro de 2011 (RE 3573/11) tivo entrada no Concello informe do Director Xeral de Sostenibilidade e Paisaxe.

28º) O 2 de decembro de 2011 (RE 3679/11) recibíuse informe remitido pola Subdirección Xeral de Dominio Público Hidráulico en materia de augas.

29º) En data 16 de decembro de 2011 (RE 3789/11) recibíuse informe da Dirección Xeral de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

30º) O 15 de febreiro de 2012 (RE 408/2012) tivo entrada no Concello informe da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento.

31º) Por oficio de data 6 de marzo de 2011 remitiuse á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación do Territorio oficio proxecto de actuación arqueolóxica.



32º) O 6 de marzo de 2012 (RS 306/12) solicitouse do Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais listado dos lumes acaecidos no termo municipal dende o 31.12.1997.

33º) Con data 9 de marzo de 2012 (RS 324/12) solicitouse á Dirección Xeral de Aviación Civil a emisión de informe previo á aprobación inicial.

34º) Por providencia de Alcaldía de 11 de abril de 2012 (RS 497/12) solicitouse á Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe ortofotos dixitais do nomeado “voo americano” correspondentes ao Concello de Soutomaior.

35º) En data 17 de abril de 2012 (RE 1075/12) tivo entrada no rexistro municipal oficio remitido dende o Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia achegando copia das ortofotos demandadas.

36º) Con data 20 de abril de 2012 (RE 1139/12) recíbese comunicación dende a Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais.

37º) En data 25 de abril de 2012 (RE 1191/12) tivo entrada no rexistro do Concello oficio da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural autorizando a realización de prospección e delimitación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos a incluír no PXOM.

38º) O 14 de maio de 2012 (RE 1383/12) recibíuse informe emitido pola Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento.

39º) Con datas 11 de xuño e 12 de xullo de 2012 (RE 1644 e 2003/12) entregouse por parte da empresa SIGNO Enxeñaría do Territorio documentación relativa á Consultaría Paisaxística para o PXOM.

40º) En data 13 de xullo de 2012 (RE 2012/13) o director do equipo redactor do Plan Xeral entregou no rexistro do Concello do Documento para Aprobación Inicial do PXOM, composto de VII tomos, datados en xullo de 2012 e planimetría adxunta.

41º) O 30 de xullo de 2012 (RE 2139/12) o equipo redactor fixo entrega de copias da documentación.

42º) En data 25 de outubro de 2013 a arquitecta municipal emitiu correspondente informe en relación a documentación achegada polo equipo redactor de cara a aprobación inicial.

43º) Con data 31 de outubro de 2013 emitiuse informe por parte dos servizos xurídicos do Concello coa mesma finalidade.

44º) Consta igualmente informe de intervención municipal en relación a Memoria Económica do PXOM do mesmo día.

45º) Na mesma data emitiuse dende a Secretaría Municipal correspondente informe ao abeiro do disposto nos artigos 85.1º da Lei 9/2992, artigo 47.2º da Lei de Bases de Réxime Local , artigo 54 do Texto Refundido de Réxime Local e artigos 172 e 175 do Regulamento de Ordenación e Funcionamento.

46º) En sesión de data 15 de novembro de 2013 o Pleno do Concello de Soutomaior acordou aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal ao abeiro do artigo 85.2º da Lei 9/2002, sometendo o documento a información pública por termo de dous meses a contar dende o día seguinte da publicación do acordo no correspondente Boletín Oficial. Asemade, e de conformidade co artigo 77 da Lei 9/2002, procedeuse a relacionar os concretos ámbitos nos cales as licenzas quedarían en suspenso por incompatibilidade das NNSS de Planeamento coa nova ordenación proposta.

47º) O 11 de decembro de 2013 publicouse no Diario Oficial de Galicia num.236 (pax.47681) o anuncio da aprobación inicial do Plan, apertura do trámite de información pública, e suspensión cautelar do outorgamento de licenzas.

48º) Consta igualmente a correspondente publicación a tal efecto nos xornais Faro de Vigo e Diario de Pontevedra de datas 12 de decembro de 2013.

49º) Por oficios de data 16 de decembro de 2013 déuselle audiencia aos Concellos limítrofes por termo de dous meses ao abeiro do previsto na Lei 9/2002, recibíndose resposta por parte do Concello de Pontevedra (RE 672 e 823/14 de 20 de febreiro e 3 de marzo de 2014) e Concello de Redondela (RE 559/14 de 12 de febreiro de 2014).

50º) Asemade, en data 19 de decembro de 2013 comunicouse de xeito expreso a diversas asociacións e organismos o inicio do trámite de exposición pública co resultado que obra no expediente.

51º) O Pleno do Concello, en sesión de 30 de xaneiro de 2014, adoptou o acordo de ampliar o prazo de exposición pública un mes máis, quedando exposto ata o día 11 de marzo de 2014. Acordo publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 25 de 6 de febreiro de 2014 (páx .5120), e tamén nos xornais Faro de Vigo e Diario de Pontevedra de 6 de febreiro de 2014.

52º) Ao marxe do anterior a documentación do PXOM estivo a dispor do público na Casa do Concello e, segundo maniféstase polo equipo redactor na memoria correspondente, teríanse efectuado dúas presentacións públicas.

53º) De conformidade co previsto no artigo 85.3º da Lei 9/2002 solicitáronse informes sectoriais aos seguintes organismos:

- ADIF (RS 1657/13 e 1586/14), recibindo contestación o 20 e 23 de xaneiro de 2014 (RE 160 e 196/14).
- Augas de Galicia (RS 1658/13 e 1418/14), recibindo resposta por escrito de 27 de outubro de 2014 (RE 3674/14).
- Servizo Provincial de Costas (RS 1659/13).
- Secretaría Xeral de Montes e Medio Rural (RS 1660).
- Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental (RS 1661 e 1757/13), sendo contestado por escrito presentado o 26 de xaneiro de 2014 (RE 425/14)
- Ente Público Portos de Galicia (RS 1662/13 e 1587/14), con resposta recibida o 6 de febreiro de 2014 (RE 525/14)
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (RS 1663/13 e 127/14), recibíndose contestación o 16 de xaneiro de 2014 (RE 127/14).
- Instituto de Estudos do Territorio (RS 1664/13), presentando o organismo escrito o 7 de agosto de 2014 (RE 2971/14).
- Subdelegación de Planificación Enerxética do Ministerio de Enerxía, Industria e Turismo (RS 1665 e 1676/13), sendo recibido informe o 3 de febreiro de 2014 (RE 359/14).
- Delegación Provincial de Economía e Facenda (RS 1666/13).
- Axencia Galega de Infraestruturas, (RS 1667/13 e 1585/14, presentándose informe o 9 de abril de 2014 (RE 1641/14).
- Deputación de Pontevedra, Servizo de Estradas (RS 1668/13), con informe trasladado en data 23 de xuño de 2014 (RE 2510/14).
- Dirección Xeral de Mobilidade da CMATI (RS 1669).
- Dirección Xeral de Industria e Minas (RS 1670/13), recibíndose contestación o 3 de febreiro de 2014 (RE 359 e 722/14).
- Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (rs 1672/13) con informe trasladado o 24 de xaneiro de 2014 (RE 203/14).
- Dirección Xeral de Conservación da Natureza (RS 1672/13), con resposta recibida o 24 de xuño e 4 de xullo de 2014 (RE 2524 e 2667/14).

- Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Agricultura (RS 1674/13 e 1584/14) con informe trasladado o 31 de marzo de 2014 (RE 1511/14).
- Confederación Hidrográfica Miño-Sil (RS 1675/13) recibíndose resposta por escrito de 13 de xaneiro de 2014 (RE 91/14).
- Secretaría Xeral de Telecomunicacións do Ministerio de Industria, Tecnoloxía e Turismo (RS 1677/13 e 1588/14), recibindo informe o 3 de febreiro de 2014 (RE 358/14).
- Dirección Xeral de Estradas da Secretaría Xeral de Infraestruturas do Ministerio de Fomento (RS 1678/13), contestado por escritos de 5 de maio e 4 de xullo de 2014 (RE 1876 e 2659/14).
- Dirección Xeral de Aviación Civil - AENA (RS 1679/13 e RS 309/14), recibindo resposta o 3 de marzo e 13 de agosto de 2014 (RE 825 e 3030/14).

54º) Consta no expediente certificado de Secretaría Municipal de 12 de marzo de 2014 contendo relación de alegacións presentadas polos particulares dende o 12 de decembro de 2013 e 11 de marzo de 2014, durante o período de información pública. Obra igualmente na documentación achegada polo equipo redactor a resposta ofrecida polo mesmo a cada alegación. Durante o período de exposición pública presentáronse un total de 527 escritos de alegacións.

55º) En data 23 de xuño de 2014 (RS 917/14) solicitouse informe á Unidades de Estradas de Pontevedra en relación a aspectos interesados polo equipo redactor.

56º) Con data 26 de setembro de 2014 (RE 3464/14) recibíuse informe da empresa responsable das infraestruturas do servizo eléctrico canto a suficiencia das instalacións actuais no termo municipal para cubri-las demandas de potencia.

57º) Con data 17 de outubro de 2014 (RE 3668/14) os responsables do equipo redactor fan entrega do Documento para a aprobación provisional para remisión ao órgano ambiental e redacción da Memoria Ambiental consistente en un exemplar en formato papel formado por tres carpetas e oito apartados, e sete exemplares en formato dixital con idéntica información.

58º) Con data 27 de outubro de 2014 (RS 1607/14) e de conformidade co previsto no artigo 85.4º da Lei 9/2002, solicitouse da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a emisión de memoria ambiental.

59º) O 6 de novembro de 2014 (RE 3894/14) tivo entrada oficio da Xefatura de Servizo de Avaliación Ambiental interesando a remisión de documentación complementaria a efectos de emitir o informe correspondente.

60º) O 29 de xaneiro de 2015 (RS135/15) remitiuse dende o Concello a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental escrito con documentación anexa.

61º) O 15 de abril de 2015 (RE 1202/15) recibíuse copia compulsada da Resolución da indicada Secretaría Xeral formulando memoria ambiental, cualificando o documento remitido ao citado organismo como "*ambientalmente viable*" sen prexuízo da necesidade de incorporación das determinacións que nel sinálanse.

62º) En data 17 de setembro de 2015 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitiu informe desfavorable ao documento remitido.

63º) En data 4 de decembro de 2015 tivo entrada no rexistro xeral do Concello (RE 3959/15) documento base corrixido do PXOM ao obxecto de incorpora-las determinacións precisadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.



64º) O documento así corrixido nos seus aspectos de protección do patrimonio foi remitido novamente á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural tendo entrada na correspondente unidade administrativa en data 7 de decembro de 2015.

65º) O 18 de xaneiro de 2016 (RE 116/16) recíbese novo informe da DXPC en sentido favorable á aprobación provisional do documento, coa cautela de que se corrixan aspectos indicados no informe.

66º) En data 25 de xaneiro de 2016 a arquitecta municipal informa favorablemente á aprobación provisoria do PXOM coas observacións efectuadas no citado informe.

67º) Constan no expediente informes do asesor xuridico do Concello, de Secretaria, e de Intervención, todos eles de data 29 de xaneiro de 2016.

A Comisión acorda propoñer ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- APROBAR PROVISIONALMENTE o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Soutomaior en tramitación, conforme as modificacións derivadas da incorporación ao documento das diferentes observacións propostas polas Administracións que teñen evacuados informes sectoriais atendendo as observacións expostas nos informes municipais emitidos, e alegacións presentadas durante o trámite de exposición pública que teñen sido informadas favorablemente, con desestimación das restantes alegacións, conforme a motivación expresada polo equipo redactor recollida no Tomo IX do documento sometido a aprobación provisional.

Segundo.- SOMETER o expediente completo, debidamente dilixenciado, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia aos efectos dispostos no artigo 85.7º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, solicitando da mesma o outorgamento da aprobación definitiva do Plan Xeral, previo exame da súa suficiencia documental.

DEBATE

(Entra a Sra. Vidal Gómez sendo as 13:40 horas)

O Sr. Alcalde explica que traen para a aprobación inicial o primeiro PXOM na historia deste Concello. Di que a verdade e que foi un proceso laborioso, longo, moi longo, demasiado longo diría, porque dende o seu inicio e durante o proceso de elaboración lles colleron cambios normativos que lles fixeron retrasar este longo proceso como xa dixo. O avance do documento, foi rematado a finais do 2005, e someteuse a información pública no Concello dende o 11 de febreiro o 10 de abril de 2006. A ese avance presentáronse 110 suxerencias das cales 27 foron no solo urbano de Arcade, 11 no solo urbano de Soutomaior, 41 en núcleos rurales e varios 31. Todas elas analizadas polo equipo redactor. No 2007 entrou en vigor a lei 6/2007 que determina a obrigatoriedade de introducir o proceso de avaliación ambiental estratéxica, e en abril de 2010 entrou en vigor a lei de medidas urxentes de modificación da LOUGA, co cal se tivo que reiniciar o procedemento. No 2011 se requiriron todos os informes sectoriais preceptivos previos a aprobación inicial, que foron 9 informes sectoriais. O 15 de novembro de 2014 se aproba inicialmente e se expuxo durante 3 meses, cando o obrigatorio son so 2, estando exposto no Concello e no Multiusos de Arcade durante un tempo, e atendido por 2 técnicos municipais, que axudaban a informar e facer as alegacións pertinentes, e ademais estivo colgado a web do Concello máis de 6 meses. En



abril de 2015 recibíuse resolución da secretaría xeral de calidade e avaliación ambiental calificando o documento como “ambientalmente viable. E o 18 de xaneiro deste ano recíbese informe favorable de Patrimonio despois de case 2 anos de espera. Durante a exposición, presentáronse 527 alegacións pertencentes a 338 persoas. Cada alegación é unha parcela por iso hai máis alegacións que persoas, porque houbo quen presentou máis de unha. Un 3,6% foron sobre a normativa, un 6% sobre solo urbanizable, un 56,3% de solo de núcleo rural, un 0,5% de solo rústico, un 21,25% de solo urbano consolidado, un 8,7% en urbano non consolidado e en varios un 3,2%. Do total, foron desestimadas o 47 % e estimadas total ou parcialmente o 53 %. Ademais tivéronse moi en conta as suxerencias dun grupo de técnicos que presentan proxectos no Concello e que foi de moita utilidade o equipo redactor. Durante o prazo de información pública, solicitáronse 42 informes ou consultas que foron dirixidas a: Dirección Xeral de sostenibilidade da costa e do mar; Servizo Provincial de Costas; Augas de Galicia; Dirección Xeral de Carreteras; Axencia Galega de Infraestruturas; Deputación de Pontevedra; Dirección General de Transporte Terrestre (ADIF); Dirección General de Ferrocarriles (Ministerio de Fomento); Ente público Portos de Galicia; Dirección General de Aviación Civil (AENA); Dirección Xeral de patrimonio cultural; Dirección Xeral de Conservación da natureza; Secretaría Xeral de Montes e medio rural; Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental; Dirección Xeral de Mobilidade; Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas; Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural; Secretaría General de Telecomunicaciones; Subdirección General de Planificación energética; Subdelegación de planificación energética; Delegación Provincial de Economía e Facenda; Dirección Xeral de Emerxencias e Interior; Instituto de Estudios do Territorio; Concello de Pontecaldelas; Concello de Pazos de Borbén; Concello de Fornelos de Montes; Concello de Pontevedra; Concello de Redondela; Concello de Vilaboa; Confederación Hidrográfica Miño Sil Servicios Centrales; Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia; Sociedade Galega de Educación Ambiental; Asociación Ecoloxista Amigos da Terra; Grupo de desenvolvemento Rural (GDR-19); Unións Agrarias; Xóvenes Agricultores; Sindicato Labrego Galego; Cámara Mineira de Galicia; Federación Ecoloxista Galicia; Asociación Ecoloxista Verdegaiá; Asociación Forestal de Galicia; Grupo de Acción Costeira Gac-7 Ría de Vigo-A Guarda; Comunidade de montes vecinales en mano común de O Viso. Di que todas as alegacións foron analizadas polo miúdo polo equipo redactor, obrando a análise e respostas ofrecidas no tomo 9. Que a fin de artellar unha resposta ordenada e sistemática, formulouse polo equipo técnico unha proposta técnica global para cada grupo delas, centradas, caseque na súa meirande parte en cuestións de índole particular ou puntual, afectas a parcelas concretas e non a cuestións xenéricas. Obran os criterios manexados para a resolución das alegacións no tomo 9. Das alegacións foron incorporadas todas aquelas que cumpren coa lei, e que cumpre cos requisitos que están recollidos no documento. Ademais tiveron que ter en conta todos os informes emitidos de obrigado cumprimento e incorporalos o documento de aprobación provisional. Foi un traballo absolutamente técnico sempre cumprindo cos parámetros que nos manda e encomenda a LOUGA. Todas estas alegacións serán contestadas despois da aprobación definitiva, xa que teñen que enviarse a Xunta xunto co documento, e é esta quen ten a última palabra. Non sería de recibo que contestáramos que unha alegación está aceptada e logo a xunta diga o contrario, ou o revés. Con todo os técnicos informan que os cambios non semellan constituír unha variación sustancial da concepción,



desenvolvemento e finalidades do PXOM inicialmente aprobado e sometido a exposición pública, polo que non se entende preciso unha nova exposición pública, xa que as variacións están por debaixo do 3% o cal se considera non significativa a criterio dos técnicos. Di que este PXOM supón un documento axustado a norma e polo tanto, que esperan que a seguridade xurídica que beneficia tanto a administración como os veciños e veciñas. En definitiva, e no tocante a esta fase o documento adáptase aos requisitos fundamentais esixidos pola normativa aplicable para a súa aprobación provisional e que a última palabra tena a Secretaría Xeral de urbanismo, da Xunta de Galicia.

O Sr. Lourenzo Sobral manifesta que consideran unha falta de respecto continuada usar os horarios da convocatoria para impedir que a oposición poida desenvolver o seu traballo. É unha estratexia do PP que se enmarca no trato que dá aos grupos da oposición, negándolles información continuamente acceso a documentación, impedindo asistir as xuntas de goberno, negando mesmo que teñan un local, ou baleirando de contido os plenos. Creen que os plenos poden ser pola mañá ou pola tarde o que non poden ser é a hora de comer. Isto é unha falta de respecto a todos os veciños que so definte a aquelas persoas que convocan a esta hora. Di que se así é como entende a democracia Agustín Reguera que ten moito que aprender de democracia e de respecto aos veciños. Insisten en estas actitudes políticas caciquís e despóticas que só retratan a aqueles que as practican. Como chegan ata aquí. (sainete do urbanismo de Soutomaior) NNSS anos 80. Hai 15 anos neste concello iniciáronse os trámites para a elaboración dun PXOM-Consultora Galega. Un PXOM que nin sequera chegou a aprobarse xa que o grupo de goberno decidiu tiralo abaixo de maneira unilateral As consecuencias disto, o PP tirou co diñeiro dos contribuíntes e Soutomaior. Ficou cunha norma obsoleta xusto no momento no que o boom da construción deixou ao concello a expensas da especulación. Consecuencia Principal da desfeita inmobiliaria, do feísmo e do caos urbanístico que se viviu no noso concello están a vista de todo o mundo, e non creo que ningunha persoa con sentido común o poida negar. Durante eses anos foron continuas as demandas de necesidade de ordenación municipal. Unha ordenación municipal que non chegaba mentres a construción e a especulación campaba as súas anchas polo concello. Froito destas demandas, no anos 2005 iníciase un plan a 10 anos. Empresa nova. Plan que fica conxelado na gabeta anos depois, iniciouse neste concello a elaboración dun novo PXOM. A demora foi de tal magnitude que houbo que no tempo no que se tramitaba a lexislación cambiou 3 veces, co conseguinte gasto de adaptación á lei (calcula que sobre 60.000 euros) E non foi ata Decembro de 2013, o 13 de decembro de 2012, cando concretamente se lles presenta o PXOM. Pediron copias e se lle negaron sistemáticamente. Non querían que coñeceran o PXOM, a primeira vez que tiveron unha copia na man foi 3 días antes da aprobación inicial. E unha vez coñeceron a aprobación inicial souberon por que? O proxecto presentado era unha desfeita. Que curioso, exactamente igual, que o que aconteceu esta vez. 5 días para estudar todo un PXOM. Canto respecto polos veciños que non o votaron (ou mesmo polos que si o fixeron), non si, señor Reguera?. Os veciños que non sabían nada, veciños que non se enteraron, veciños aos que tiñamos que estar nós chamando por teléfono para explicar. Temos que dicir que das 527 alegacións na nosa casa ... Charlas por todo o concello ... porque o concello por negar, mesmo nos negou un local, local que aínda non teñen os grupos da oposición. En Soutomaior os grupos da oposición non teñen local



e son desprezados. Home eu creo que o que queira atoparvos sabe onde atoparvos" isto Atendemos aos veciños, nas nosas . As nosas casas estarán sempre abertas. Suspensión de licenzas Dous anos sen posibilidade de edificar. O período máximo expira e volvemos outra vez á normativa do 89. Ata que hai 5 días presentan o e se nos dá un documento, un documento que ten unha modificacións importantísimas e se nos di que temos a comisión 3 días despois. 4 días para estudar un documento, que non ten absolutamente nada que ver ... co documento inicial. Esta é a situación na que estan agora o PP lles trae aquí hoxe, a aprobar un documento que os veciños non coñecen, pretende aprobar algo de costas aos veciños e por iso que nos xa lle adiantamos que para iso non conten con eles, as alegacións están sen responder e pretenden aprobalo un venres ás 14.horas. Os grupos da oposición tiveron acceso ao documento hai 5 días Durante a fase de informes eu mesmo fun varias veces ao concello a ver os informes e púidose informar de como evolucionaba, púidose contar coa corporación para ver pero iso sería un exercicio de transparencia e iso non vai con este goberno. Os veciños lles din, Avisando aos seus. Aquí era a política do "iso xa está arregado" Pretenden aprobar provisionalmente un PXOM nestas circunstancias. Alegacións, o goberno local di que houbo 527 alegacións, das cales o 53% estimadas. E así informa aos veciños. Falamos de que das 527 alegacións: só 172 foron estimas 32%, fronte a 249 desestimadas 47% 106 estimadas parcialmente 20%. Os datos que dan na prensa non son certos porque vós contádelas como estimadas alegacións que non solucionan nada. (alegación 193,210) Ides ter que explicarllo aos veciños. Porque estades mentindo. Onde hai papeis calan bocas. Cambios no PXOM. Cambios con alegacións algunhas teñen que dicir que algúns introducidos polo BNG. Cambios do que eran barbaridades, liña da Castelao deixaba fora de ordenación. Cambios no tipoloxía de edificabilidade. O equipo redactor nomeou "voluntarioso". Claro e é que o que debe ser un PXOM por riba e todo é voluntarioso, porque para poñer o que está na lei, xa está a lei. Perogrullo. Un PXOM debe de tratar de ordenar o territorio, e moldear todo o posible a lei ás nosas necesidades ... iso o din persoas de moitísimo prestixio na ordenación. Persoas que non hai mal que por ben no veña que tivo o privilexio de tratar e coñecer durante a tramitación sen vontade non hai nada. E esa redacción dificulta que se fixe poboación sobre todo no rural porque insisten que as condicións son tremendas E mantense a salvedade de que en vivendas de especial protección. Cambios sen alegacións Ao longo do PXOM viron, unha transformación do concello, que non responden a ningunha alegación. Hai algunhas que imaxinan poden obedecer a informes sectoriais, que son tremendas! Barrio das barroncas. Non sabe quen ordenou iso pero é de libro. Pero outros non, non saben a que obedecen ... A pregunta é se hai unha modificación, que non obedece a ningún informe sectorial e non hai alegación, a que se debe? Sería o momento de sentarse co equipo redactor, e que lles dixeran pero vese que a este alcalde non lle interesa. Cambios na estrutura do concello de calado. Núcleos que antes non había Superficies urbanizables que aparecen e desaparecen Pero claro, co PXOM que hai agora, hai veciños que poderían alegar, hai veciños que deben dicir, se hai un núcleo aquí (veigas do monte) quere que a súa parcela entre en núcleo, ou cree que esta parcela non se debe edificar ... pero vós non o permitides. INDEFENSión, INDEFENSión ABSOLUTA Modelo de concello. A nós isto parécenos fundamental, e é que no PXOM faise unha análise da



situación do concello, un estudo de realidade. Pero non se di cara onde van, que modelo de concello queremos para Soutomaior. Da situación lembrémonos que hai 2 anos se dicía textualmente que o motor deste concello era a construción. Ano 2014. Aparecía así no análise do concello. Agora semella que algo 5 modificaron, que se decataron de que as barbaridades por escrito e grandilocuentes seguen sendo barbaridades ... Nada se di do modelo de concello que queremos ... un modelo mariñeiro, unha vila industrial, un modelo de servizos, un modelo turístico ... Aquí diso non se di absolutamente nada! Que é o que se di que concello queremos? Que medidas hai para?: Sector industrial, sector servizos, sector primario, do mar apenas se di nada, o pequeno comercio: que actuacións a nivel urbano se van facer para fomentar o pequeno comercio O único que se di é que vai haber 9 hectáreas a chan industrial. Xa vemos o que acontece hoxe, cantas agora e cantas están ocupadas e risco de que chegue unha grande superficie e se cargue todo o pequeno comercio. Modelo Polo tanto, neste PXOM non se di o tipo de modelo de concello que queremos ... ou SI ... Pero fixeron do que se di ... *Así por exemplo, prevese unha maior demanda de vivenda polo inclusión de axentes externos (autovías A-59 e A-57) que actuarán dun xeito positivo no dinámica socioeconómica do concello. Reduciranse os tempos de desprazamento entre os lugares de traballo (Vigo e Pontevedra) e os de residencia polo que os concellos, como Soutomaior, con dispoñibilidade de solo edificable a un prezo asequible se verán claramente beneficiados.* E isto sabedes como se chama, en traducido, chámase vila dormitorio. Este PXOM é para facer de Soutomaior unha vila dormitorio, e non o digo eu ... está por escrito ... repetir *O que se nos está propoñendo é que a xente durma aquí e viva e consume foro, e iso é o que se nos propón Todos os veciños menos un, o alcalde, veciño que ten a súa vida fóra e ven traballar aquí.* Depuradora. Vivimos nun concello no que o mar é un axente fundamental para a economía local. Previsión 2027 --- 11.000 veciños - Media 10.000 veciños - Agora hai unha depuradora que está no límite agora pero resulta que con como mínimo 3000 persoas máis, será o mesmo. - resulta que o informe de Augas de Galicia (curiosamente o organismo que ten competencias e a quen lle correspondería construír a depuradora) di que aquí non pasa nada. Depuradora que está no límite Aquí hai que ordenar ata a cor dos muros, e ata as formas e medidas que teñen que ter as fiestras Pero da depuradora, a pesar de que é algo que se fai constar nos concellos limítrofes, non se di nada ... Despois nos queixaremos do estado da nosa ría e do noso río. Un PXOM é un documento de ordenación do territorio. - Referencias ás normas subsidiarias, e se di é que un dos criterios para incluír e excluír para incluír e excluír é como estaba antes. Plan de deixar estar ... Non hai ordenación, isto é un PXOM de bombeiros ... de bombeiros daqueles de Bradbury- E en núcleos urbanos as ordenacións son existentes. De feito a edificación é existente ... non se planea. Vertebración, un dos principais problemas do concello. Sobre todo en Soutomaior. Praza en Soutomaior. Centro de municipio cun núcleo que articule a dispersión que hai no concello É preciso que Soutomaior teña un centro e que se cree unha estrutura rural con referencias e ben comunicada. Pero diso neste PXOM ... tampouco nada ... Caos circulatorio, rúas estreitas e se despois hai que dar edificabilidade para atrás dase pero garantes que as rúas vaian medrando e que o concello mellores.

As alineacións, nomeadamente en zonas de Soutomaior son caóticas. ~ zonas de aparcamento, cambios 12. Nova exposición pública.

Transformacións de calado, núcleos novos, cambios alegacións No caso de que, no momento da aprobación provisional polo pleno municipal, pretendan introducirse modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto da clasificación e cualificación do solo, ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abriase un novo trámite de información pública con anterioridade ao referido acordo do pleno municipal. Habería tempo porque Lei do solo, tramitación Disposición transitoria segunda. Adaptación do planeamento. Os plans aprobados provisionalmente antes da entrada en vigor da presente lei, poderán continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva a teor do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Conclusión Nós de calquera maneira, entendemos que este PXOM é unha desfeita para o concello, é un PXOM caótico, falto do máis mínimo consenso, feito de costas aos veciños, sen transparencia e sen participación, e por iso van votar en contra.

A Sra. Montero Pérez di que o primeiro que quere expoñer é o malestar polas prisas de aprobación deste PXOM, e que a excusa da aprobación da Lei do Solo próximamente, non vale coma tal xa que, todo debería de estar previsto para non andar a correr. Persoalmente, como nova Concelleira é evidente que poñerse a estudar este tema, que é complexo nunha semana sen estar anteriormente en contacto co mesmo é imposible, por iso, tiven que pedir a un Arquitecto que me votara unha man, xa que evidentemente él entende bastante máis ca min de planos, e mandoume un pequeno informe con 4 puntos fundametais que paso a expoñer:

1.- Créanse 15 unidades de actuación, algunha incluso sen concretar, buscando así o ocultismo. Excepto 3, posiblemente o resto, sexa de difícil desenvolvemento, bloqueando a edificabilidade. **2.-** lamentable que este PXOM, no relativo á depuradora de Arcade (EDAR de Arcade), na zona de recreo e xogos infantís, non tome ningunha medida para ubicala noutro lugar. Dita depuradora conta con informe desfavorable de costas e da técnico municipal. **3.-** Este plan non da unha solución mediante un proxecto urbanizador ó novo exceso de vivendas na zona do Peirao para dar saída os vehículos. Crearase un caos no futuro debido a ese exceso de vivendas e das poucas saídas para vehículos a N550, xa que a ponte de saída carece incluso de unha mínima rotonda onde conflúen 5 carreteras (caos futuro). **4.-** Na zona do Conde carece de solución urbanística, debido á deficiente saída de vehículos as calles José Solla e Roxeiro Landeiro. E dicir, que todo o mencionado ten unha difícil solución debido á deficiente, incontrolada e falta de previsión da edificación de Arcade e, ademais síguese creando un desorden urbanizador de difícil solución. En segundo lugar, e en base ó exposto, a votación é NEGATIVA, pois creen que este PXOM non da solución algunha e que coma nos di ó experto, vaise crear un desorden e caos futuro que cando suceda non se terá xa como arranxalo, e como di o meu compañeiro Manu, eu tampouco quero que Soutomaior sexa unha vila dormitorio, gustaríame que tiveramos outro futuro. En terceiro lugar, e evidente que dado que o goberno municipal ten maioría vai ser probablemente aprobado sen ter en conta, as alegacións da oposición, polo que temos que deixar ben claro a xente que non se contou con nós para nada mais que non fora presentarnos ó PXOM un venres para unha semana despois aprobalo únicamente co voto favorable do PP.

O Sr. Alcalde di que en canto a transparencia o PXOM foi consultado por moitos vecinos, máis de 5.000 entradas na páxina web en 3 meses de exposición pública. Todas as alegacións que se puideron incluír se incluíron. En canto a depuradora hai informe favorable e si en algún momento non chegara, se lle diría a Pontevedra e Vilaboa. Hai informe favorable de que non hai ningún problema. Os núcleos novos é 1, o das Veigas do Monte, que xa existe, e responde a una alegación de todos os veciños que viven alí. Vertebración, a vía hai que pintala sobre o terreo. Hai que ser realistas, pensar nos servizos do futuro. A entrada en vigor da lei condiciona que se aproba rápido. Plan como elemento dinámico, normas obsoletas.

O Sr. Lourenzo Sobral di que este Plan nace caducado. Vaise aprobar a semana na que se una normativa que traerá conflitos. Isto é negativo. Transparencia, ós vecinos non lles quedou outra que presentar alegacións. No seu ordenador hai máis de 100. Durante una década non se lle convocou para nada e se lles da 3 días antes. Iso é participación?. Non é o mesmo una alegación estimada parcialmente ou estimada. En canto a Depuradora está xestionada por Augas de Galicia, non é de Soutomaior. Núcleo novo. Viais, hai moito que falar. Non hai plan perfecto. Pero hai que facelo coa boa vontade e pensando no interés social.

VOTACIÓN

Con sete votos a favor (dos sete membros do grupo político do PP) e cinco en contra (dos catro membros presentes do grupo político do BNG e da membro do GM), o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- APROBAR PROVISIONALMENTE o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Soutomaior en tramitación, conforme as modificacións derivadas da incorporación ao documento das diferentes observacións propostas polas Administracións que teñen evacuados informes sectoriais atendendo as observacións expostas nos informes municipais emitidos, e alegacións presentadas durante o trámite de exposición pública que teñen sido informadas favorablemente, con desestimación das restantes alegacións, conforme a motivación expresada polo equipo redactor recollida no Tomo IX do documento sometido a aprobación provisional.

Segundo.- SOMETER o expediente completo, debidamente dilixenciado, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia aos efectos dispostos no artigo 85.7º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, solicitando da mesma o outorgamento da aprobación definitiva do Plan Xeral, previo exame da súa suficiencia documental.

E non habendo outros asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e cincuenta minutos do mesmo día, do que eu, Secretaria, certifico.

Documento asinado dixitalmente á marxe.